

SON FEMINISTA...

**IES POLITÉCNICO DE VIGO
EQUIPO DE IGUALDADE E DIVERSIDADE**

Son Feminista porque quiero ser libre



Que imos traballar?

1. Que é o feminismo?
2. Un pouco de historia
3. Temas do feminismo:
 - 3.1. Feminino/Masculino... e moitos xéneros máis
 - 3.2. Mesmos dereitos e mesmas oportunidades
 - 3.3. Igualdade e Liberdade e outros retos...
4. E nós... que podemos facer?

1. Que é o Feminismo?

Hai persoas que din
:“eu nin feminismo
nin machismo”... **imos
pensar un pouco...**



Machismo:
ideoloxía
baseada en
prexuízos que
considera
as mulleres
inferiores

Feminismo:
conxunto de
teorías e
movementos
sociais
que perseguen
a igualdade
de todos os
seres humanos

Son feminista... logo busco a igualdad



O machismo busca
dominar e invisibilizar á
metade da humanidade



E o feminismo busca
aliberdade de todas e
detodos



Feminismo:

O feminismo é un conxunto de movementos políticos, culturais, económicos e sociais que teñen como obxectivo a liberación das mulleres e a reivindicación dos seus dereitos, así como cuestionar a dominación e a violencia dos varóns sobre as mulleres e a asignación de roles sociais segundo o xénero.



Agora...que
pensas
sobre o
feminismo?




2. Un pouco de Historia

Unhas preguntas para comezar:

- Sabes quen foi Mary Wollstonecraf?
- Cal é o título da obra fundamental da filósofa Simone de Beauvoir?
- Desde cando se celebra o 8 de marzo?
- Quen foron as sufraxistas?
- A escritora Rosalía de Castro cres que foi unha muller feminista?

2.1. Arredor da Revolución francesa...

- Olympia de Gouges escribe en 1791 a Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá
- Mary Wollstonecraft publica en 1792 o primeiro manifesto feminista Vindicación dos Dereitos da Muller



2.2. As mulleres do XIX saen a rúa a defender os seus dereitos

- Sufraxismo: a loita por poder votar é a reivindicación máis punteira. Prodúcese nos países industrializados
- Socialismo: no revolucionario século XIX nas correntes socialistas, anarquistas e comunistas os dereitos das mulleres están presentes



2.3. En Galiza: tres galegas decimonónicas terán un papel destacado no feminismo

"Libre é o meu corazón, libre a miña alma e
libre o meu pensamento"
(Lieders) Rosalía de Castro



2.4. A revolución feminista do século XX

- En 1949 Simone de Beauvoir publica *O segundo sexo*



Simone de Beauvoir


2.4. A revolución feminista do século XX

- **Clara Campoamor** en solitario consegue o voto para as mulleres como deputada en Cortes na Segunda República:

“Eu, señores diputados, síntome cidadá antes que muller, e considero que sería un profundo erro político deixar á muller á marxe dese dereito, á muller que espera e confía en vos; á muller que, como ocorreu con outras forzas novas na revolución francesa, será indiscutiblemente unha nova forza que se incorpora ao dereito e non hai mais que empurrala a que siga o seu camiño. “

2.4. A revolución feminista do século XX

- Os anos 60 e 70 cheos de enerxía, cheos de nomes, cheos de loitas: “ O persoal é político” Kate Millet
- Os anos 80 e 90 chegan as políticas de igualdade e os estudos de xénero



2.5. Ecofeminismos, teoría Queer... e moitos feminismos máis...

- Múltiples xéneros e teoría Queer: Judith Butler, Dona Haraway, Paul B. Preciado
- Ecofeminismos: Vandana Shiva



8 de marzo

- Ti sabes por que se celebra o 8 de marzo en todo o mundo?



8 de marzo

- Na segunda Conferencia Internacional de Mulleres Traballadoras de 1910 o 8 de marzo é proclamado como o Día Internacional da muller traballadora a proposta de Clara Zetkin



... máis de cen anos despois



3. Temas do Feminismo

Dous xéneros...dúas cores... son moi pouco para
un mundo plural e colorido



3.1. Feminino/Masculino

O Binarismo é assimétrico

que ves “raro” nas dúas columnas seguintes?

- Feminino
- Secretaria
- Enfermeira
- Dócil
- Débil
- Torpe
- Brando



que ves “raro” nas dúas columnas seguintes?

- Masculino
- Xefe
- Doutor
- Valente
- Forte
- Axil
- Duro



Por que este anuncio é assimétrico?



Por que estas imaxes non son asimétricas?



3.1. Feminino/ Masculino

**A discriminación
comeza cos
prexuízos, os
estereotipos**

O feminino e o
masculino non se
valora por igual

- **Obxectivo:**
 - Unha pluralidade de xéneros, sen prexuízos, sen estereotipos
- Valorar por igual todos os traballos, todas as persoas

3.2. Dereitos e oportunidades


A Lei de Igualdade do 2007 afirma:

Artigo 3. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes. supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e e estado civil.

Busca no BOE nº 71 de 23/3/2007 o texto completo

A realidade cotiá é outra




3.2. Dereitos e oportunidades

A igual traballo, igual salario?

A fenda salarial entre
homes e mulleres é do
22,3%

Fonte: Praza Pública




Salario medio anual dos homes e mulleres galegas

3.2. Dereitos e oportunidades

Onde está a corresponsabilidade?

As mulleres con empregos a xornada completa dedicaban 11,3 horas máis que os homes a labores non remunerados. As mulleres que viven en parella cun home dedícanlle ás tarefas domésticas máis de dúas horas diarias máis que eles.




Horas dedicadas semanalmente por homes e mulleres con emprego remunerado a tempo completo en España (2015)

Fonte: INE • [Descarga os datos](#) • [Embed](#)


3.3. Igualdade e liberdade

A igualdade é un camiño que facemos todos os días: rachando estereotipos , recoñecendo a diferenza, valorándonos todas e todos, rachando co binarismo de xénero e...



3.3. Igualdade e liberdade

...vivindo nun mundo plural!!!!



4. Eu... que podo facer?

- Revisar os meus prexuízos



- Valorar e recoñecer a todas as persoas por igual

4. Eu... que podo facer?

SON FEMINISTA...



...PORQUE ME PETA!